

BASES E CONVOCATORIA DUNHA BOLSA DE EMPREGO PARA A CONTRATACIÓN TEMPORAL DE SOCORRISTAS EN ESPAZOS ACUÁTICOS NATURAIS (CAMPAÑA DE VERÁN 2025)

“1º) OBXECTO DA CONVOCATORIA.

As presentes bases teñen por obxecto a creación dunha bolsa de emprego para atender as necesidades do servizo de vixilancia, rescate e salvamento na praia de Broña, Verán 2025, mediante contratación laboral temporal segundo a lexislación vixente, de postos de socorristas.

2º) TIPO DE CONTRATO. RETRIBUCIÓN.

A modalidade de contratación será a de contrato laboral temporal para a mellora da ocupabilidade e a inserción laboral.

Retribucións en salario bruto:

Xornada completa: 1651,87 €/mes a xornada completa incluíndo o prorrateo de pagas extras e demais complementos salariais.

3º) OBXECTO DO CONTRATO

Desenvolvemento dos traballos de vixilancia e salvamento de persoas nas praias do municipio de Outes, en réxime de dispoñibilidade plena.

4º) REQUISITOS XERAIS DOS/DAS ASPIRANTES

As persoas aspirantes terán que reunir os seguintes requisitos, que deberán manterse tanto no momento da selección como no da formalización, no seu caso, do contrato:

1.- Atoparse en situación de desemprego.

2.- Requisitos xerais para o acceso ó emprego público:

a) Ser español, nacional doutro estado membro da Unión Europea, cónxuxe dos anteriores que non estea separado de dereito, ou descendentes menores de 21 anos de idade ou maiores e dependentes deles. Tamén poden participar as persoas incluídas no ámbito de aplicación dos tratados internacionais convidados pola Unión Europea e ratificados por España nos que sexa aplicable a libre circulación de traballadores. Os aspirantes non residentes en España, que non teñan a nacionalidade española ou de calquera outro estado da Unión Europea, deberán achegar á súa solicitude o documento que xustifique o cumprimento da condición que aleguen.

b) Ter cumpridos dezaseis anos de idade e non superar a idade máxima de xubilación forzosa.

c) Cumprir cos requisitos específicos descritos no punto seguinte. As titulacións obtidas no estranxeiro deberán ser obxecto da correspondente convalidación ou homologación.

d) Posuír capacidade funcional para desempeñar as tarefas propias dos postos de traballo.

e) Non ter sido separado, mediante expediente disciplinario, do servizo ás Administracións públicas ou dos organismos constitucionais ou estatutarios, nin atoparse inhabilitado para o exercicio das funcións públicas por resolución xudicial.

f) Non ter sido condenado por sentenza firme por algún delito contra

a liberdade e identidade sexual (artigo 13, apartado 5 da lei 26/2015, do 28 de xullo, de modificación do sistema de protección á infancia e á adolescencia).

3.- Requisitos específicos das persoas participantes

a) A habilitación profesional para exercer a actividade de socorrismo en espazos acuáticos naturais.

b) Estar inscrito/a no Rexistro Profesional do persoal de socorrismo, información e primeiros auxilios de Galicia (sección: socorristas en espazos acuáticos naturais), de conformidade co Decreto 152/2021, do 21 de outubro, polo que se regulan as condicións para o exercicio profesional de actividades de socorrismo acuático, información e primeiros auxilios nos espazos acuáticos naturais e instalacións acuáticas na Comunidade Autónoma de Galicia. No seu defecto, ter presentada a solicitude de inscrición no citado Rexistro Profesional, sempre, neste último caso, que desde a data de presentación da solicitude non teña transcorrido o prazo de 3 meses de que dispón a Academia Galega de Seguridade Pública para ditar resolución expresa. Neste caso deberase achegar, xunto coa solicitude de participación no proceso selectivo, copia de dita solicitude de inscrición no Rexistro Profesional así como da documentación acreditativa da formación mínima esixible para a inscrición na sección de socorristas en espazos acuáticos naturais á que se refire o artigo 4.2 do dito Decreto 152/2021. Así mesmo, en aplicación da disposición transitoria única do Decreto 104/2012, do 16 de marzo (vixente de conformidade coa disposición derogatoria única do Decreto 152/2021) serán admitidas aquelas persoas inscritas de forma provisional no Rexistro Profesional de Socorristas de Galicia.

5º) PUBLICIDADE DA CONVOCATORIA

Esta convocatoria publicarase no Boletín Oficial da Provincia da Coruña, na páxina web municipal, www.outes.gal e na sede electrónica do Concello, <http://outes.sedelectronica.gal>, aos efectos de transparencia na actuación corporativa.

6º) SOLICITUDES

As instancias para tomar parte neste proceso selectivo presentaranse conforme ao modelo que figura como Anexo II das presentes bases que estará dispoñible nas oficinas municipais e na páxina web do concello.

As solicitudes poden presentarse na sede electrónica do Concello a través do enderezo <https://outes.sedelectronica.gal/> de xeito presencial, no rexistro xeral do Concello de luns a venres en horario de 9.00h a 14.00h horas; ou de calquera outro xeito de acordo co previsto no artigo 16.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Os sucesivos anuncios en relación con este procedemento publicaranse na sede electrónica e no taboleiro de anuncios da páxina web municipal (www.outes.gal)

7º) PRAZO DE PRESENTACIÓN

O prazo de presentación de solicitudes será de cinco (5) días hábiles contados a partir do día seguinte ao da publicación do anuncio da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia.

8º) ADMISIÓN DE ASPIRANTES

Rematado o prazo de presentación de solicitudes, a Alcaldía ditará

resolución aprobando a listaxe provisional de persoas admitidas e excluídas, indicando as causas de exclusión en cada caso. Esta resolución publicarase no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello de Outes e tamén na páxina web municipal (www.outes.gal), establecéndose un prazo de 3 días hábiles, a contar dende o día seguinte da publicación, para realizar as emendas que se consideren necesarias. Unha vez rematado dito prazo, aprobarase, polo mesmo órgano, a listaxe definitiva de persoas admitidas e tamén as datas previstas de realización das probas as persoas aspirantes. No caso de que, inicialmente, non existan persoas excluídas, a lista provisoria considerarase automaticamente como lista definitiva de admitidos/as.

Nesta resolución definitiva farase constar tamén o número de sesións do tribunal cualificador necesarias para completar o proceso selectivo.

9º) DESENVOLVEMENTO DO PROCESO SELECTIVO

O sistema selectivo empregado será o de concurso-oposición, que constará dun exercicio obrigatorio e eliminatorio e da valoración dos méritos aportados.

Os/As aspirantes convocaranse para o exercicio en chamamento único. A non presentación dun/dunha aspirante a calquera dos exercicios obrigatorios no momento de ser chamado determinará automaticamente o decaemento do seu dereito a participar neste procedemento selectivo, agás nos casos debidamente xustificados e apreciados discrecionalmente polo tribunal.

9.1) FASE DE OPOSICIÓN

Proba práctica: De carácter obrigatorio e eliminatorio, que consistirá na realización de probas de actitude física axeitadas para comprobar a existencia da capacidade necesaria para as funcións que van a desenvolver.

Realizarase na praia de Broña, e consistirá nunha proba combinada de carreira e nado libre, a realizar da forma que se describe a continuación:

1. Os/as participantes, que serán chamados de forma individual, poranse de pé no punto de partida que se determine na praia de Broña e portarán na man o material de salvamento (aletas e flopi) e, se o desexan, poderán vestir traxe de neopreno.
2. Despois do sinal de saída, carreira ata chegar ao punto de entrada no mar.
3. Entrada na auga no punto que consideren mais axeitado, colocándose as aletas e nadando (estilo libre) co material de salvamento, ata a boia colocada fronte ao punto de partida de terra, debendo bordeala por completo pola parte exterior.
4. Saída do mar, retirada das aletas e carreira ata o punto de partida da proba.

Os/as participantes deberán carrexar as aletas ata o remate da proba.

Dependendo do estado do mar o Tribunal Cualificador establecerá as distancias a percorrer.

O tempo contarase a partir do primeiro aspirante a partir do primeiro aspirante a pasar pola meta, de conformidade coa seguinte

TÁBOA DE PUNTUACIÓNS:

HOMES	PUN- TOS	MULLER ES	PUN- TOS
1º clasifi- cado	16	1ª clasifi- cada	16
+ 0,18"	15	+ 0,18"	15
+ 0,36"	14	+ 0,36"	14
+ 0,54"	13	+ 0,54"	13
+ 1,12"	12	+ 1,12"	12
+ 1,30"	11	+ 1,30"	11
+ 1,48"	10	+ 1,48"	10
+ 2,06"	9	+ 2,06"	9
+ 2,24"	8	+ 2,24"	8
+ 2,42"	7	+ 2,42"	7
+ 3,00"	6	+ 3,00"	6
+ 4,00"	5	+ 4,00"	5
+ 5,00"	4	+ 5,00"	4
+ 6,00"	3	+ 6,00"	3
+ 7,00"	2	+ 7,00"	2
+ 8,00"	1	+ 8,00"	1
+ 9,00"	0	+ 9,00"	0
+ 10,00"	Non apto	+ 10,00"	Non apta

A utilización do flopi tamén variará en función do estado do mar. Cada aspirante terá que traer as súas propias aletas para a realización da proba.

9.2) FASE DE CONCURSO

Unha vez realizada a fase de oposición, valoraranse os méritos das persoas candidatas que rematasen a proba correctamente.

1. Formación: Os cursos, xornadas e seminarios de formación relacionados co posto de traballo que se convoca e que sexan realizados ou impartidos polas Administracións públicas ou federacións deportivas, ou homologados por elas, **ata un máximo de 2,00 puntos:**

- de menos de 15 horas: 0,10 puntos
- de 16 a 40 horas: 0,20 puntos
- de 41 a 70 horas. 0,35 puntos
- de 71 a 100 horas: 0,50 puntos
- de máis de 100 horas: 0,75 puntos
- Outras titulacións relacionadas co posto: 0,75 puntos

Estar en posesión do título de Patrón de Navegación Básica (PNB) ou do título de Patrón de Embarcacións de Recreo (PER): 1 punto.

2. Experiencia: A experiencia acreditarase mediante contratos, certificación expedida pola Administración correspondente ou certificado de empresa, facendo constar a duración dos servizos prestados, denominación do posto e tarefas desenvolvidas, sendo obrigatorio ademais, presentar informe de vida laboral actualizado, **ata un máximo de 3 puntos:**

- De socorrista na correspondente especialidade en Administracións Públicas: 0,25 puntos/mes.
- De socorrista/monitor na correspondente especialidade en empresas privadas: 0,20 puntos/mes.

Os servizos prestados por tempo inferior a un mes puntuaranse proporcionalmente tomando como base un mes de 30 días.

9.3) PROBA PRÁCTICA DO COÑECEMENTO DO GALEGO

Esta proba será cualificada como APTO/A ou NON APTO/A e terá carácter eliminatorio, sendo a cualificación como NON APTO/A motivo de exclusión do procedemento

selectivo (artigo 51 Lei de Emprego Público de Galicia 2/2015 de 29 de abril).

Estarán exentas de realizar este exercicio as persoas que acrediten que posúen o

Celga 2 ou o equivalente debidamente homologado polo órgano competente en

materia de política lingüística da Xunta de Galicia, de acordo coa disposición adicional segunda da ORDE do 10 de febreiro de 2014 pola que se modifica a Orde do 16 de xullo de 2007, pola que se regulan os certificados oficiais acreditativos dos niveis de coñecemento da lingua galega (Celga). (DOG Núm. 34. 19 de febreiro de 2014). Non se admitirá a presentación de dita acreditación fora do prazo establecido para a presentación de instancias.

Unha vez rematada a outra proba, o tribunal de selección convocará ás persoas candidatas que non acreditaran posuír o diploma, certificado ou curso correspondente ao grao de coñecemento do idioma galego, á realización dunha proba oral, de carácter eliminatorio, na que poidan acreditar tal coñecemento. Corresponderalle ao tribunal determinar o nivel de coñecementos esixidos para acadar o resultado de apto/a, co apoio da persoa titular do Servizo de Normalización Lingüística do Concello.

10º) TRIBUNAL CUALIFICADOR:

- Presidente: o técnico de cultura D. Santiago S. Nieto Romarís, ou persoa que legalmente o substitúa.

- Vogais: a técnico-auxiliar de urbanismo D^a Sofía Pérez Figueira, a traballadora social D^a Berta Buján Casanova e o auxiliar de servizos sociais D. Manuel Rama Dosil, ou persoas que legalmente os substitúan.

- Secretaria: a educadora familiar do Concello D^a. Juana Pedrosa Leis, ou persoa que legalmente a substitúa.

O monitor Alejandro Pombo Ramos realizará as funcións de apoio loxístico e asesoramento durante a realización de todo o proceso.

Os membros do tribunal terán dereito ás indemnizacións por asistencias consonte os artigos 29 e seguintes do Real decreto 462/2002, do 24 de maio. Para este efectos o tribunal inclúese na categoría terceira do artigo 20 da dita norma.

11º) PUNTUACIÓN FINAL E CONSTITUCIÓN DA BOLSA DE EMPREGO

A puntuación final obterase da puntuación acadada na fase de oposición e concurso. Por resolución de Alcaldía publicarase a listaxe de persoas que superaron o proceso selectivo coas puntuacións obtidas por orde decrecente, establecendo nesa mesma resolución a creación da bolsa de emprego. A resolución publicarase na sede electrónica e tamén na páxina web do concello (www.outes.gal)

No caso de empate das puntuacións totais finais de dúas ou máis persoas aspirantes, este resolverase tendo en conta:

1º- A persoa de maior tempo de desemprego acreditado por informe de períodos de inscrición emitido polo Servizo Público de Emprego de Galicia (SPEG).

2º- En caso de persistir o empate, dirimirase por sorteo.

A bolsa de emprego terá unha vixencia de 3 anos a contar desde a aprobación da súa constitución, prorrogable por un ano máis ou ata que se constitúa unha nova bolsa que substitúa a esta.

12º) CRITERIO DE FUNCIONAMENTO DA BOLSA DE EMPREGO

CHAMAMENTOS

Os chamamentos para a incorporación do persoal temporal realizaranse en base á orde de prelación vixente en cada momento entre as persoas integrantes da bolsa.

Os chamamentos realizaranse por vía telefónica e correo electrónico, ao número de teléfono e enderezo de correo electrónico facilitados polas persoas no momento de terse presentado ao proceso selectivo.

Efectuaranse un máximo de dúas chamadas telefónicas durante unha mesma xornada laboral (entendida dende as 08:00 ás 15:00 horas) a distintas horas e cun intervalo mínimo de 30 minutos. Realizadas as 2 chamadas (atendidas ou non), remitirase un correo electrónico final (dentro da mesma xornada). Tanto na chamada telefónica como no correo

electrónico indicárase, como mínimo, a tipoloxía/modalidade da incorporación temporal ofertada (coa duración prevista, en caso de coñecerse, e/ou causa de finalización), o prazo máximo para a resposta así como o número de teléfono e correo electrónico para poder contactar, a tales efectos, co Concello. Tamén se indicará o prazo máximo de 24 horas, contado dende o envío de dito correo, para aceptar ou rexeitar a oferta realizada e se lle indicará a documentación que ten que achegar segundo o indicado nas bases.

A) De terse respondido ao chamamento (telefónico ou unha vez enviado o correo electrónico), procederase do seguinte xeito:

A.1) No suposto de ACEPTACIÓN DA OFERTA deberá responder ao correo electrónico que se lle envíe aceptando o chamamento. A Alcaldía resolverá a incorporación, na modalidade que proceda e na data prevista ao efecto, da persoa integrante da bolsa chamada e que teña aceptado, á que se lle requirirá para que, antes da mesma e no prazo sinalado ao efecto, presente a seguinte documentación:

1. Declaración responsable (remitirase un modelo xunto co correo) na que manifieste:

- Aceptación expresa do posto.
- Que segue reunindo todos e cada un dos requisitos esixidos e acreditados no momento de terse presentado ao proceso selectivo, así como de non estar separada anteriormente do servizo das administracións públicas e non estar incurso en causa de incapacidade ou incompatibilidade determinadas na lexislación vixente.

2. Certificado ou informe de saúde emitido polos servizos públicos de saúde ou servizo de prevención autorizado, que acredite que o aspirante é apto para o posto a desempeñar. O antedito certificado/informe admitirase cunha antigüidade máxima de 3 meses.

3. Número de afiliación na Seguridade Social.

4. Certificación de conta bancaria.

Estes dous últimos documentos non serán necesarios, sempre e cando, xa

existise unha relación laboral previa con este concello e non houbera ningún cambio (como por exemplo na conta bancaria).

De non cumprir co prazo sinalado para a presentación da documentación, ou a data sinalada para a incorporación ao posto de traballo, entenderase que renuncia aos seus dereitos inherentes, non se procederá á súa efectiva incorporación e a Alcaldía propondrá e resolverá a incorporación do/a aspirante que ocupe a seguinte posición ordinal na bolsa.

Así mesmo, pasará a ocupar o último lugar da bolsa, agás que poida acreditar, documentalmente, as causas de forza maior que xustifiquen o dito incumprimento, que serán apreciadas e estimadas potestativa e discrecionalmente pola Alcaldía.

A.2) No suposto de REXEITAMENTO DA OFERTA, a persoa interesada deberá alegar algunha das causas xustificadas que a continuación se relacionan, sen prexuízo daquelas outras de forza maior que poidan alegarse e que serán obxecto de apreciación e estimación discrecional e potestativa por parte da Alcaldía.

As ditas causas de rexeitamento xustificadas serán as seguintes:

- Concorrenza de parto, permiso por nacemento, adopción ou acollemento, permiso de paternidade, risco durante o embarazo, risco durante o período de lactación natural e/ou situacións asimilables.
- Estar en situación de incapacidade temporal transitoria por contingencias comúns ou profesionais, acreditado co correspondente parte médico de baixa.
- Estar en situación de servizo activo noutra Administración pública.
- Estar nalguna das situacións de servizos especiais contemplada pola normativa de aplicación.
- Ter vixente un contrato de traballo cunha empresa/entidade privada, ou exercer como autónomo.
- Outras causas debidamente acreditadas/xustificadas e que serán

apreciadas e estimadas potestativa e discrecionalmente pola Alcaldía. As persoas aspirantes que xustifiquen algún destes extremos, quedarán en suspensión de chamamentos ata que sexan elas as que comuniquen ao concello que están de novo dispoñibles.

A acreditación documental da causa que xerou a suspensión farase nun prazo non superior aos cinco (5) días hábiles seguintes ao do día que se efectuou o chamamento e poderá realizarse pola sede electrónica ou a través do enderezo de correo que se lle facilite cando se realice o chamamento telefónico. No caso de superar este prazo sen achegar a documentación xustificativa, a persoa candidata pasará ao final da bolsa de emprego.

B) De non terse producido NINGÚN TIPO DE RESPUESTA AO CHAMAMENTO (nin telefónico nin resposta ao correo electrónico), no prazo máximo anteriormente sinalado, aplicaranse ao/á candidato/a os mesmos efectos, en relación coa súa situación na bolsa, que os previstos para os supostos de rexeitamento do chamamento sen alegación e acreditación de causa xustificada; o que implicará o seu pase ao último lugar da bolsa, e así, sucesivamente, para cada unha das persoas integrantes que incorran en falta de resposta.

DILIXENCIA DE CHAMAMENTOS

Ao obxecto da súa xustificación, consulta e acreditación administrativa, o/a empregado/a municipal que se encargue dos chamamentos fará constar, mediante dilixencia emitida ao efecto (e que obrará no expediente), os trámites efectivamente realizados. Neste sentido, indicarse, cando menos, os chamamentos realizados, as datas e horas nos que se realizaron as chamadas e o envío de correos electrónicos, se as persoas aspirantes chamadas tiveron respondido e no seu caso aceptado en prazo, as respostas recibidas e a documentación xustificativa achegada polas persoas chamadas, sen prexuízo daquelas outras circunstancias que, de ser o caso, se estime oportuno reflectir.

BAIXA DEFINITIVA

Serán causas de baixa definitiva da Bolsa de emprego, a concorrencia de calquera das seguintes situacións:

- A acumulación, por unha mesma persoa integrante da bolsa, de tres situacións de falta de resposta aos chamamentos e/ou rexeitamento inxustificado.
- O incumprimento do prazo fixado para a incorporación
- A falta de presentación de documentación previa sinalada no apartado A.1.
- Solicitud de baixa voluntaria por parte dos/as integrantes.
- Deixar de reunir os requisitos requiridos (ou terse producido falsidade na acreditación dos mesmos)
- Ter sido separado/a ou inhabilitado/a do servizo público.
- Falecemento, incapacidade permanente ou cumprimento da idade ordinaria de xubilación fixada, de ser o caso, en cada momento.

En todo caso, a dita baixa definitiva deberá ser acordada, mediante resolución debidamente motivada, por parte da Alcaldía e deberase garantir as persoas afectadas o trámite de audiencia.

FIN DA RELACIÓN DE EMPREGO E REINGRESO NA BOLSA

Ao producirse a finalización da relación de emprego como persoal laboral temporal, a persoa aspirante retornará á posición ordinal que, en cada momento, e en virtude da puntuación inicialmente acadada no proceso selectivo, lle corresponda dentro da bolsa.

13º) NORMATIVA REGULADORA.

A convocatoria réxese polas presentes bases, o regulamento de selección de persoal laboral da Corporación e as normas reguladoras do persoal ao servizo das Administracións públicas. A presente convocatoria e todos os actos administrativos que dela se deriven estarán suxeitos á Lei 39/2015, do 1 de outubro do procedemento administrativo das

administracións pública, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, e no tocante á contratación estarase ao disposto na lexislación laboral vixente.

O contido da relación laboral réxese polo Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, polo R.D. lexislativo 2/2015, de 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do estatuto dos traballadores, Lei 2/2015, de 29 de abril, do emprego público de Galicia e as súas disposicións complementarias.

14º) PROTECCIÓN DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL

De conformidade co previsto na Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais, os datos que se faciliten para participar neste proceso de selección incorporaranse nun ou varios ficheiros cuxo responsable é o Concello de Outes con sede na rúa da Vila nº 1, A SERRA DE OUTES, onde se poderán exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición.

Coa participación no proceso de selección, as persoas interesadas consenten o tratamento dos seus datos persoais coa finalidade de levar a cabo a selección de persoal, o rexistro de solicitudes de candidatos, a cualificación de probas e avaliación dos candidatos, así como a provisión de postos e confección do banco de datos ou lista de espera.

Así mesmo, os/as participantes prestan o seu consentimento para que os seus datos persoais sexan comunicados mediante a súa exposición no taboleiro de anuncios deste Concello para os efectos da publicidade esixida no procedemento de contratación, así como aquelas cesións

autorizadas nunha norma con rango de Lei.

ANEXO I.- INSTANCIA DE SOLICITUDE

Nome e apelidos

DNI/NIE/Pasaporte

Enderezo a efectos de notificación

Teléfono a efectos de notificación

Correo electrónico a efectos de notificación

EXPOÑO

Que tendo coñecemento da convocatoria publicada polo Concello de Outes para a creación dunha bolsa de emprego para realizar contratacións laborais temporais de SOCORRISTAS (CAMPAÑA VERÁN 2025) do Concello de Outes.

DECLARO BAIXO A MIÑA RESPONSABILIDADE:

1. Que reúno todos e cada un dos requisitos esixidos nas presentes bases para poder participar no proceso de selección.
2. Que posúo capacidade funcional para o desempeño das tarefas propias do

posto de traballo que se convoca.

3. Que non fun separado/a mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin estar en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial.

4. Que non estou incurso/a nalguna das causas de incapacidade ou incompatibilidade que determine a lexislación vixente.

E SOLICITO

Ser admitido/a para tomar parte no proceso de selección para o acceso á bolsa de emprego para realizar contratacións laborais como Socorrista na Campaña de Verán 2025 do Concello de Outes e acepto expresamente as condicións de xestión da bolsa de emprego citada

XUNTO Á PRESENTE SOLICITUDE:

- ⇒ DNI ou documento identificativo
- ⇒ Documento acreditativo de estar en posesión do CELGA 2, ou equivalente
- ⇒ Tarxeta de demandante de emprego en vigor.
- ⇒ A habilitación profesional para exercer a actividade de socorrismo en espazos acuáticos naturais.
- ⇒ Xustificante do Rexistro Profesional do persoal de socorrismo, información e primeiros auxilios de Galicia (sección: socorristas en espazos acuáticos naturais)

AUTORIZO:

Que se publiquen os meus datos persoais na páxina web do Concello de Outes

En, a.....de.....de 2025

Á ALCALDÍA DO CONCELLO DE OUTES

De acordo co establecido pola normativa vixente en materia de protección de datos, informámoslle de que o Responsable de Tratamento dos seus datos persoais é o CONCELLO DE OUTES, con dirección Rúa da Vila, 1 15230 OUTES A CORUÑA; co que poderá contactar en correo@outes.gal

1. FINALIDADE DO TRATAMENTO: Os datos serán utilizados para prestarlle o servizo solicitado na presente instancia. O feito de que non nos facilite parte da información solicitada poderá supoñer a imposibilidade de prestarlle o servizo solicitado.
2. PRAZO DE CONSERVACIÓN: Os datos facilitados conservaranse durante o tempo necesario para poder atender a súa solicitude así como para dar cumprimento legal ás xestións administrativas derivadas da prestación do servizo.
3. LEXITIMACIÓN: Este tratamento de datos persoais está lexitimado polo consentimento que nos outorga ao realizar a solicitude de prestación do servizo.
4. DESTINATARIOS DE CESIÓNS: O Concello de Outes non cederá os seus datos de carácter persoal.
5. DEREITOS: Ten vostede dereito a acceder, rectificar ou suprimir os datos erróneos, solicitar a limitación do tratamento dos seus datos así como opoñerse ou retirar o consentimento en calquera momento e solicitar a portabilidade dos mesmos. O Concello de Outes dispón de formularios para facilitarlle o exercicio dos seus dereitos. Poderá presentar a súa solicitude sempre acompañada dunha copia do seu DNI para acreditar a súa identidade.

Outes, na data que figura á marxe

O alcalde
D. Francisco Calo Abelleira

DOCUMENTO ASINADO DIXITALMENTE